

Cuestións *Crepúsculo dos ídolos. O problema de Sócrates.*

1. Con que termos identifica Nietzsche os conceptos *razón* e *racionalidade*?
2. Como se explica a asociación que fai entre *razón-racionalidade* e *tiranía-fanatismo*? Sobre que ou quen exerce a razón a súa tiranía? Por que, en opinión de Nietzsche, se trata dunha razón fanática? Por que utiliza a expresión *racionalidade a calquera prezo*?, a prezo de que?, que prezo pagaron os homes e mulleres occidentais por vivir conforme aos valores da moral socrática?
3. En que consiste a ecuación socrática *razón=virtude=felicidade*?, que é a virtude para a moral socrática?, en que consiste a felicidade? Nietzsche comparte esta visión da virtude?, que é a felicidade para el?
4. Que tipo de visión do ser humano se deriva da racionalidade socrática?, en que consistiría a moral socrática?, cales serían os seus valores?, que outra moral recolleu estes mesmos valores?, por que cualifica Nietzsche esta moral e estes valores como decadentes?